

Programa de mobilidade de estudantes por convenio bilateral a países extracomunitarios

PREGUNTAS FRECUENTES

1. Cales son os requisitos básicos para participar no programa?
2. A que países e universidades podo optar como destino?
3. Cando podo realizar a mobilidade?
4. Como podo prepararme dende agora, antes de completar a solicitude?
5. Que idioma teño que acreditar, e como?
6. Como financio a mobilidade?
7. Como fago a solicitude?
8. Como funciona o proceso de selección?
9. Que teño que facer despois da selección e asignación de prazas?
10. Ampliación de estadias un semestre adicional na mesma universidade. Repetición da mobilidade
11. Que podo incluír no acordo de estudos?
12. Cales son os trámites e obrigas a cumprir durante o curso?
13. A que convocatorias de exame teño dereito?
14. Como funciona o proceso de recoñecemento de estudos?
15. Que servizo podo esixir do Responsable Académico de Mobilidade e da Unidade de Apoio e Xestión no centro?
16. Lin todas estas preguntas, a convocatoria e o Regulamento, e teño dúbidas sen contestar

1 Cales son os requisitos básicos para participar no programa?

Estar matriculado/a na USC no curso 2022/2023 nunha titulación oficial (grado ou mestrado). Ter unha nota mínima de media de 6.00 (protocolo S.U.G.)

Cal é a normativa aplicable a este programa?

O Regulamento de Intercambios Interuniversitarios da USC aprobado polo Consello de Goberno o 26 de outubro de 2012 (<http://www.usc.es/es/perfis/internacional/normativa.html>) e ás bases reguladoras detalladas no texto da Convocatoria, ambos textos están colgados na web USC Internacional. É obriga do alumnado ler estes textos e confirmar ese feito na súa solicitude.

Renunciei a unha praza noutro programa de mobilidade fóra de prazo, sigo penalizado?

Si. Segundo o Regulamento de Intercambios da USC do 28 de novembro de 2012, art. 9.7, “As renuncias feitas fóra de prazo sen causa xustificada terán automaticamente como consecuencia a suspensión de participación en programas de intercambio da USC.” Tamén segundo esta convocatoria: “Serán excluídas de oficio as candidaturas do alumnado que, resultando seleccionado en anteriores convocatorias de mobilidade do Servizo de Relacións Exteriores (*agora Oficina de Mobilidade*), non presentara en prazo ou forma a súa aceptación ou renuncia formal”.

Pedín o traslado á USC dende outra universidade e comezo os estudos na USC agora, podó participar neste programa?

Si, sempre que teñas o traslado tramitado á data da túa solicitude do programa de intercambio.

Termino a carreira este curso e quero rematala facendo unha estadía fóra.

O período de estudos no estranxeiro deberá formar parte integral do programa de estudos do centro de orixe, e os requisitos xerais para participar na convocatoria deben posuírse no momento que expire o prazo de presentación de solicitudes e deben **manterse durante todo o tempo que dure o intercambio**. Debes cursar un mínimo de vinte ECTS durante a estadía, polo que o intercambio só é posible se aínda tes créditos suficientes para cursar fóra.

Podó facer unha estadía de investigación e a tese a través deste programa?

Non, este programa de mobilidade non oferta prazas para investigadores e doutorandos.

Son estudante de intercambio doutra universidade na USC, podó participar neste programa tamén?

Só poderá participar o alumnado matriculado na USC no curso 2022/2023 en estudos conducentes a obtención dun título oficial na USC. Queda excluído o alumnado internacional matriculado na USC en virtude doutros convenios ou programas de mobilidade.

Podó participar en dous programas de mobilidade no mesmo curso?

Podes solicitar varios programas de intercambio para o mesmo curso, pero no momento que aceptes praza nun, tes que renunciar a seguir participando nos demais procesos de selección.

Só no caso de que a mobilidade se conceda para un semestre, e optes no outro programa para o outro, e sempre que non coincidan en absoluto as datas previstas de inicio e fin da estadía en cada universidade segundo os calendarios oficiais das universidades, podes continuar coa segunda solicitude.

[faqs](#)

2 A que países e universidades podó optar como destino?

Ofértase, a través dunha única convocatoria que se publicará unha vez cada curso (novembro/décembro) a posibilidade de solicitar a mobilidade a calquera universidade fóra da Unión Europea que teña formalizado coa USC un convenio bilateral que permita o intercambio de estudantes. A listaxe completa está nos Anexos da convocatoria e comprende universidades en países de fora do Espazo Europeo de Educación Superior. Non se pode optar por unha universidade fóra destas listaxes.

Se o Anexo I non especifica explicitamente que exclúe a miña titulación; entón podó elixir ese destino con total certeza?

Non necesariamente. Cando o Anexo I pon unha exclusión significa que teñen esa titulación pero que a mesma non está aberta aos alumnos de intercambio. En cambio, para saber a totalidade dos plans de estudos ofertado en cada universidade, o alumno debe consultar na web da universidade a oferta académica. O Anexo I non pode incluír a listaxe de estudos dispoñibles en todas as universidades ofertadas. No caso do Anexo II a limitación é total, só poden optar a esas prazas o alumnado dos graos que se especifican para cada destino.

Como decido a que universidade optar?

É imprescindible consultar a oferta educativa directamente na web de cada universidade para asegurarse que ofertan a túa titulación, e as materias que cursarías no período de intercambio. De

resultar seleccionado/a para un destino que non oferta a túa titulación, non se poderá adxudicar outro destino distinto, como se indica na convocatoria. Nese caso estarías excluído do programa, sen posibilidade de cambiar de universidade.

Quen pode asesorarme na elección de universidade?

O Responsable Académico de Mobilidade do teu centro na USC ten a función, segundo o Regulamento de Intercambios (28 Nov 2012 art. 5. 3a) de titorizar e asistir aos estudantes de intercambio nos aspectos académicos, e de informar aos estudantes da USC sobre as universidades de destino e posible recoñecemento académico dos estudos que se realizarán durante o período de mobilidade. Podes encontrar a lista das persoas que actuarán como coordinadores/as no documento *Xestores académicos e RAMs Outgoing* colgada na nosa web.

Cantas universidades podo incluír na solicitude?

Ao cubrir a solicitude indicarás ata 10 universidades, **en orde de preferencia**, de todas as universidades na listaxe dos Anexos. **Debes comprobar que cada universidade oferta a túa titulación e as materias que cursarás durante a estadía.**

Para que a aplicación informática poida pechase con éxito é necesario incluír os 10 destinos. No caso de que teñas interese en menos, deberás repetir o último dos que te interesan até sumar os 10.

De resultar seleccionado para un destino, terás que aceptar ou renunciar unicamente a esa praza. As renuncias durante o período de listaxes provisionais darán lugar a reasignacións respectando o estrita orde de asignacións iniciais; se renuncias ao teu destino unha vez que a listaxe sexa definitiva non haberá reasignacións posibles, ninguén ocupará esa praza nin poderás solicitar un cambio de destino se tes coñecemento de que alguén renuncie.

Por que non hai lista de agarda e non se pode volver a adxudicar prazas renunciadas cando estas son definitivas?

A xestión de listas de agarda é incompatible co cumprimento dos prazos e calendarios marcados polas universidades de destino.

[faqs](#)

3 Cando podo realizar a mobilidade?

A mobilidade realizarase no curso seguinte ao da convocatoria, segundo o calendario USC. Na túa solicitude terás que indicar se queres facer a túa mobilidade no primeiro semestre do curso 21/22, no segundo o por curso completo. Nos Anexos I e II indícase a duración dos semestres que corresponden a eses períodos nas Universidades de destino. Ten en conta que as Universidades no hemisferio Sur levan un calendario contrario ao noso.

Podo fixar eu as datas da estadía?

Non. Terás que cumprir coas datas exactas do semestre académico na universidade de destino, tal como indican na súa información (Anexos e web). O comezo e fin das clases nas distintas universidades dependerá do seu calendario académico específico.

Teño motivos persoais para non viaxar xusto na data de comezo de curso, podo chegar máis tarde?

Non. No caso de non poder incorporarse na data prevista, marcada pola universidade de destino, o alumno queda automaticamente decaído nos seus dereitos. Non se aceptará a incorporación á universidade de destino en data posterior á sinalada por esta para o comezo do semestre.

[faqs](#)

4 Como podo prepararme desde agora, antes de completar a solicitude?

Recomendamos os seguintes pasos (ver tamén a pregunta sobre como facer a solicitude):

- i. Consultar as páxinas web das universidades, eliminar as que non ofertan a túa titulación ou materias viables para o semestre da estadia.
- ii. Podes consultar co Responsable Académico de Mobilidade do teu centro na USC, como indicado na pregunta 2 “Quen pode asesorarme”
- iii. Consultar as restricións do teu plano de estudos.
- iv. Preparar o idioma requirido (ver a pregunta relacionada cos idiomas)
- v. Consultar a web do consulado do país destino en Madrid, sobre a necesidade de visado e outra documentación (pasaporte, certificado de antecedentes penais)

[faqs](#)

5 Que idioma teño que acreditar, e como?

Para os países de fala hispana evidentemente non necesitas nada.

Se inclúes na túa listaxe de dez universidades calquera outro país de destino, terás que aportar na túa solicitude a certificación de nivel para a lingua necesaria.

BRASIL	<ul style="list-style-type: none">• (Proba B1-A) das probas de acreditación de competencia lingüística nivel B1 para a obtención do título de grao e programas de mobilidade• CLM (Centro de Linguas Modernas da USC): nivel 5 (B1.2) ou superior.• Documentos acreditativos de superación do B1 ou superiores expedidos polas universidades públicas españolas• EOI (Escola oficial de idiomas): certificado nivel intermedio 2 ou superior (R. D 1629/2006) e 3º curso Ciclo elemental (R. D 967/1988) ou superior• DEPLE (Diploma elemental de portugués lingua estrangeira) ou superior. <p>Estará exento de acreditar o coñecemento de idioma o alumnado con nacionalidade dun país lusófono, o que teña realizada unha estadia ERASMUS en Portugal e o alumnado de filoloxía portuguesa e alumnado con materias cursadas en lingua portuguesa (mín. 12 créditos).</p>						
EEUU, CANADÁ e AUSTRALIA	<p>O mínimo para optar a estas universidades é:</p> <table border="1"><thead><tr><th>TOELF paper base</th><th>TOELF IBT</th><th>IELTS</th></tr></thead><tbody><tr><td>500</td><td>61</td><td>6.0</td></tr></tbody></table>	TOELF paper base	TOELF IBT	IELTS	500	61	6.0
TOELF paper base	TOELF IBT	IELTS					
500	61	6.0					
XAPÓN, REPUBLICA POPULAR CHINA, TAIWAN, COREA DO SUR	<p>Debe acreditar coñecementos lingüísticos do idioma do país a través de calquera título oficial existente desas linguas, cun nivel mínimo equivalente a B1 no Marco Común Europeo de Referencia.</p> <p>No seu defecto bastará posuír os requisitos mínimos de inglés ou outro dos títulos recoñecidos, sempre que a universidade de destino así o acepte.</p>						
SUIZA	<p>No Anexo II especificanse os títulos de idioma requiridos para cada destino, inglés, alemán ou francés.</p> <p>A súa acreditación poderá facerse a través das probas do CLM ou con calquera dos títulos recollidos na listaxe publicada en: https://www.usc.gal/gl/servizos/clm/acreditacion/titulos.html</p>						

Consulta a convocatoria para ver o listaxe de títulos aceptados para cada país.

Resaltar que precisas portugués para Brasil, a pesares da afinidade lingüística co galego, e que non tódolos títulos de inglés son aceptados nas universidades que piden ese idioma.

Teño nivel superior de inglés do Cambridge e da Escola Oficial de Idiomas, porque non podo optar por unha praza en Estados Unidos ou Canadá?

Para admisión no sistema de educación superior nestes países, esixen normalmente acreditar coñecemento de inglés única e exclusivamente a través dos exames TOEFL <http://www.ets.org/toefl/ibt/faq/> e é o mínimo que se establece na Convocatoria da USC para que a candidatura sexa considerada elixible.

As Universidades de destino poden incluso establecer límites superiores de competencia lingüística. Algunhas aceptan outros títulos, por iso debes presentar o título que eles requiran, que excepcionalmente pode ser o de Cambridge pero non será nunca o da EOI ou CLM.

Non podo facer o exame de acreditación do idioma ata unha data máis adiante

Tes que superar o exame antes da data final da convocatoria (peche de solicitudes). Se o fas en días moi próximos ao límite do prazo, pode ser que non teñas o documento que xustifique a superación da proba para subilo á aplicación, pero poderás achegar unha copia de pantalla do *TOEFL Score Report* ou similar segundo a que exame te presentaras, dentro do prazo de emendar a falta de documentación (os dez días seguintes tras a publicación da resolución provisional, onde aparecerías excluído/a) para destinos con idiomas.

Se non podes inscribirte para facer a proba a tempo nesta convocatoria, poderás inscribirte para facer a proba en calquera data posterior e participar na seguinte convocatoria.

[faqs](#)

6 Como financio a mobilidade?

A concesión dunha praza non inclúe unha bolsa; poderás optar a unha das 40 bolsas de mobilidade financiadas cos fondos de Política Interior (KA131-HED), as que convoque a Xunta de Galicia, ou outras entidades no seu caso.

En que consisten as bolsas dos fondos de Política Interior (KA131-HED)?

Son fondos parte dun programa Erasmus+ suxeitos á regulación europea. A asignación farase en función da nota media do expediente entre o alumnado que obteña destino na asignación definitiva e acepte a praza segundo o procedemento establecido. Constará dunha axuda de mantenza e outra para a viaxe. Non cobre a totalidade dos gastos ocasionados.

Dependendo da titulación poderase obter por un período máximo de 12 ou 24 meses. Neste período contan as mobilidades Erasmus previas do mesmo nivel de titulación. O tempo de estadía como bolseiro desta axuda tamén afectará ó cómputo de meses para posteriores estadías Erasmus+.

Se atopo outro organismo que oferta unha bolsa podo solicitala?

Si, sempre que sexa compatible coas outras bolsas solicitadas.

Que requisitos hai que cumprir para pedir as bolsas da Xunta?

As bolsas da Xunta convócanse entre xullo e setembro, aproximadamente.

É importante entender que a USC non tramita as solicitudes destas bolsas, o alumnado debe seguir as indicacións na convocatoria que publicará a Xunta cada curso. A modo de guía aproximado, pódese consultar as bases da convocatoria anterior a través da web internacional USC, citamos:

Poderán solicitar estas axudas os alumnos e alumnas que cumpran os seguintes requisitos:

- *Estar matriculado en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao nunha universidade pertencente ao SUG ou centro asociado da UNED en Galicia.*
- *Participar no programa de mobilidade universitaria con autorización da universidade de orixe (universidades do Sistema universitario Galicia).*
- *Non ter desfrutado desta bolsa de mobilidade en convocatorias anteriores.*
- *Queda excluído desta convocatoria o alumnado que, con nacionalidade distinta á española, realice a mobilidade nos seus países de orixe.*

En que universidade pago a matrícula?

Pagas unicamente as taxas de matrícula na USC; na universidade de destino estás exento de pagar a matrícula. Pode ser que esixan o pagamento dalgunha outra taxa (abaixo).

A universidade onde quero estudar cobra taxas de seguro, teño que pagar tamén?

Non debes pagar taxas académicas en concepto de matrícula, inscrición, exames, uso de laboratorios, bibliotecas, etc. na institución de acollida durante o período de mobilidade acordado. Isto non obstante, a institución de acollida pode esixir o pagamento de taxas reducidas para cubrir os custos do seguro, afiliación a sindicatos de estudantes e o uso de materiais diversos, tales como fotocopias, produtos de laboratorio, e similar, nas mesmas condicións que os estudantes ordinarios desa institución.

Podo pedir a bolsa xeral do Ministerio de Educación (MEC) como cada curso na USC?

Si. Se che concedan bolsas ou préstamos de carácter nacional, seguirás percibíndoos na súa totalidade durante o período de estudos no estranxeiro, agás que a convocatoria da bolsa da que se trate estableza a incompatibilidade.

[faqs](#)

7 Como fago a solicitude?

A solicitude deberase efectuar exclusivamente en liña a través da Secretaría Virtual, seguindo as instrucións na aplicación informática.

Se remato a solicitude online podo volver a modificala?

Non será posible modificar a mesma solicitude, haberá que eliminar esa e abrir outra nova. Terase como válida a última solicitude concluída correctamente na aplicación informática antes do fin do prazo de solicitudes: 23:59 do último día de prazo de presentación. Por esta razón será importante reunir os datos necesarios antes de comezar:

- Decisión sobre as 10 universidades elixir, e en que orde de preferencia (ver pregunta 2 sobre destinos)
- Documento do requisito lingüístico (no caso de solicitar destinos que o requiran)

Recomendamos preparar os seguintes documentos para o momento da postulación a destino:

- *Carta de motivación redactada no idioma de docencia (ou en inglés para Rusia, China, Xapón...)
- *1 Carta de recomendación de un profesor da USC redactados no idioma de docencia (ou en inglés para Rusia, China, Xapón...)

Como comprobo que rematei correctamente a solicitude?

Na última pantalla poderás “ENVIAR” a solicitude e imprimir en papel ou PDF unha copia para conservar.

Non teño que entregar nada en papel?

Non é necesario entregar os documentos da solicitude nin na Oficina de Mobilidade nin no Rexistro Xeral.

Non aportei un documento no prazo de solicitude e agora a aplicación informática non permite engadilo

Na solicitude manifestas que nesa data reúnes todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidas. Se a túa solicitude está incompleta cando remate o prazo de solicitudes estarás excluído/a provisionalmente.

Non obstante, se a exclusión é só por falta de documentos que acrediten que xa se reúnen os requisitos dentro do prazo de solicitudes pero que non puides achegar, disporás dun prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da devandita listaxe provisional para emendar a solicitude. Terás que achegar o(s) documento(s) a través do Rexistro electrónico da USC.

Houbo un problema técnico coa aplicación informática e non puideron pechar a miña solicitude

Nos casos nos que logo do intento de realización da solicitude en prazo, o alumno non puido rematala por motivos técnicos imputables á USC, deberá enviar un escrito/e-mail á Oficina de Mobilidade explicando a situación. De non facer esa manifestación dentro do prazo de solicitudes non será admitido no proceso de selección.

Descubro despois de pechar a solicitude que as universidades na miña escolla non ofertan materias viables para o meu plan de estudos, poden cambiar as 10 opcións de destino?

Non. Na solicitude aceptas as bases do programa, e indicas ter lido o Regulamento de Intercambios e o texto da Convocatoria onde constata no artigo 7.5:

“Finalizado o prazo de solicitudes a prelación dos destinos convértese en definitiva **non podendo en ningún caso o alumno cambiar os destinos ou a orde dos mesmos** Non haberá listaxes de agarda nin reasignacións de destinos nas vacantes producidas por renuncias.”

E no 10.6:

“A Oficina de Mobilidade non lle asignará unha praza alternativa ao alumnado que fose rexeitado por unha universidade por non existir nela a súa titulación ou restricións expresas á dita titulación para o intercambio.”

Cando sei que a miña solicitude está aceptada?

Ao rematar o prazo de solicitudes publícase na web da USC internacional e no taboleiro da SEDE ELECTRÓNICA a listaxe das solicitudes aceptadas e excluídas, con dez días de prazo (ou 5 en caso de urxencia), para emendar falta de documentos.

Transcorridos eses días e revisadas as alegacións ou emendas, publícase unha listaxe corrixida das solicitudes aceptadas e excluídas. As solicitudes aceptadas pasan a trámite para o proceso de selección.

Os meus compañeiros recibiron un email da Oficina de Mobilidade, eu non

É imprescindible comprobar todos os teus datos persoais na túa Secretaría Virtual, sobre todo **indicando o teu enderezo de correo electrónico actual de uso habitual**: de non facelo, poderás perder notificacións importantes. Comproba tamén a bandexa de correo lixo por se algún dos correos fose entregado aí.

[faqs](#)

8 Como funciona o proceso de selección?

O proceso de asignación de destinos será competencia da Oficina de Mobilidade. A Comisión de Asignación será presidida pola persoa que ocupe a vicerreitoría con competencias na materia ou persoa en que delegue e composta por dúas persoas do persoal do servizo, un/ha dos cales actuará de secretario/a.

Todas as solicitudes que cumpran os requisitos xerais desta convocatoria serán aceptadas como candidaturas válidas e entrarán no proceso de asignación de destinos.

Cales son os criterios de selección?

Contará a nota media do expediente académico, (media simple non penalizada), tal e como figure nos arquivos da Universidade no último día que se especifica na convocatoria.

Os destinos serán asignados por estrita orde de media académica en base unicamente aos destinos solicitados polo/a estudante, que cumpra os requisitos lingüísticos para o destino en cuestión, en caso de telos.

Cantas prazas haberá en cada universidade de destino?

As prazas serán as indicadas no Anexo I e Anexo II á convocatoria, e esta oferta non será ampliada en ningún caso.

Algunhas Universidades poñen outras restricións respecto das cotas (limitan o número de alumnos que poden ir ao mesmo grao, por exemplo), que sempre haberá que respectar.

Como se decidirá nos casos de máis solicitudes que prazas?

No caso de haber máis solicitantes que prazas dispoñibles para unha mesma universidade dirimirase en favor do mellor expediente académico (media simple non penalizada).

No caso de empate entre dúas candidaturas que solicitan a mesma universidade tomaranse en consideración como criterios supletorios: Nivel de idioma máis alto para os destinos que o requiran, prioridade do/a estudante con maior número de créditos superados e, no caso de persistir o empate, o menor número de convocatorias consumidas para a superación das materias do plan de estudos correspondente no total do seu expediente académico.

Como sei a decisión final sobre a praza que me asignen?

A Oficina de Mobilidade publicará no Taboleiro Electrónico (ligazón na portada da web da USC) unha listaxe de admitidos coa asignación provisoria de prazas a cada alumno.

Non estou de acordo coa asignación de prazas, que podo facer?

Tendo en conta a información dispoñible para que o estudante poida facer a solicitude e elixir destinos adecuadamente, non terían que xurdir desacordos unha vez entendidas as bases do programa e o sistema de asignación de destinos.

A intención da Oficina de Mobilidade é de impulsar o máximo número posible de mobilidades atendo a criterios de calidade académica, límites de prazo en destino, e axilizando os procesos administrativos no máximo posible tendo en conta as limitacións dos recursos dispoñibles.

Non obstante, se consideras que tes fundamentos para reclamar segundo as bases do Regulamento de Intercambios e a Convocatoria, haberá un prazo para presentar reclamacións a través do Rexistro electrónico da USC.

As reclamacións serán resoltas pola propia comisión e notificadas persoalmente aos reclamantes por comparecencia en Sede ou correo electrónico, segundo indicara na súa solicitude. Unha vez resoltas as presentadas, as listas resultantes terán a condición de proposta de selección e serán remitidas para a súa publicación definitiva á Vicerreitoría competente en internacionalización.

[faqs](#)

9 Que teño que facer despois da selección e asignación de prazas?

En canto a asignación de destinos sexa definitiva, terás un prazo para **aceptar ou renunciar** á túa praza que se indicará na resolución. A aceptación ou renuncia faise por escrito nun formulario dispoñible na Oficina de Mobilidade.

De non facelo no prazo indicado na publicación da listaxe definitiva de prazas asignadas, perderás o dereito a participar en futuros programas de intercambio da Oficina de Mobilidade.

Sei que outro alumno renunciou á praza que pedín como primeira opción, podó cambiar?

Se a renuncia se produce trala publicación das *listaxes provisionais* a Oficina de Mobilidade fará os oportunos axustes as asignacións, seguindo os mesmos criterios iniciais, de tal xeito que o seguinte estudante con mellor nota recibirá esa praza e a praza que ese deixe libre se asignará á seguinte persoa que a pedira, etc.

Non haberá listas de agarda nin reasignacións de destinos nas vacantes que se vaian producindo debido as renuncias sobre a listaxe definitiva. É importante entender que isto é para asegurar poder cumprir prazos administrativos nas universidades de destino cos recursos limitados que ten a Oficina de Mobilidade para xestionar un número elevado de solicitudes.

Estou solicitando tamén a mobilidade de Erasmus, e Erasmus Prácticas para o mesmo período, podó escoller cal prefiro?

Esta decisión está afectada polos prazos de cada convocatoria: no momento de ter que aceptar ou renunciar a unha praza de mobilidade segundo as datas marcadas pola publicación definitiva de prazas asignadas, **significa a renuncia** a seguir participando noutras convocatorias que se puidesen ter publicado de xeito paralelo.

Polo tanto, aceptada formalmente unha praza no prazo establecido, o estudante quedará eliminado doutros programas de mobilidade convocados pola Oficina de Mobilidade a que concorrese para o mesmo curso académico. Non obstante, poderá aceptar unha praza e optar a outra doutro programa dentro do mesmo curso académico **se son para períodos distintos** e non se solapan as datas das estadías previstas.

Xa aceptei a praza, agora que fago?

A secuencia de accións é a seguinte:

- **Nominacións:** A Oficina de Mobilidade envía as nominacións formais de alumnos seleccionados ás universidades de destino xunto coas copias escaneadas dos documentos que achegaches coa solicitude. Estamos obrigados a facer o envío dentro do prazo que nos indica a universidade .
- **Inscripción:** Debes seguir as instrucións da universidade de destino para completar o seu proceso de inscrición: ben por aviso directo que eles envíen ao teu e-mail, ou ben seguindo as instrucións que che vaia dando a Oficina de Mobilidade e a páxina web da universidade. É **responsabilidade túa** realizar este proceso correctamente e dentro do prazo correspondente. Poderán pedirche copia asinada do teu extracto de expediente, encher o seu formulario cun listado tentativo de materias (proposta de acordo) e un seguro médico, entre outros.
- **Acordo de estudos:** debes contactar co Responsable Académico do teu Centro na USC para asesorarte, e asinar o acordo (ver preguntas frecuentes sobre o tema). É obriga do/a alumno/a estar en posesión do acordo de estudos asinado polos coordinadores antes de marchar á universidade de destino.
- **Visado:** É obriga do/a alumno/a realizar a solicitude do seu visado de estudante. Consulta a páxina web da embaixada do país de destino en España para comprobar se necesitas visado e como conseguilo. Comproba que o teu pasaporte ten validez ata despois da data prevista de regreso.
- **Carta de aceptación:** A universidade de acollida a emitirá e enviará directamente ao estudante, ou á Oficina de Mobilidade a carta orixinal ou escaneada por e-mail. Pode tardar varias semanas dende o envío dos formularios e polo tempo necesario para que a facultade revise a proposta de materias. Aconsellamos non mercar o billete de avión ata ter a carta de aceptación e o visado.
- **Credenciais:** Son as cartas de “presentación” como estudante de intercambio da USC que acreditan que che foi concedido un destino para facer unha mobilidade académica e que che entregamos na Oficina de Mobilidade para os trámites necesarios: petición de visado, solicitude de bolsa(s), e para presentarse en destino.
- **Matrícula:** Obrigatorio realizar a matrícula na USC para todas as materias que figuran no acordo de estudos, no prazo e forma indicados pola UXA.

Teño praza asignada nunha universidade e a Oficina de Mobilidade xa lles enviou a notificación, pero a universidade rexeitome por non ofertar a miña titulación e materias de estudo, como podo remediar isto?

A posibilidade de solicitar a mobilidade a través da convocatoria da USC non implica obrigatoriamente a selección efectiva por parte da universidade de destino; poden rexeitar un alumno se non ofertan a titulación e materias acordadas ao seu perfil do/a alumno/a, materias dispoñibles no semestre da estadía do candidato, ou se contan con algunha esixencia académica específica.

A Oficina de Mobilidade non asignará unha praza alternativa e a persoa quedará eliminada do programa de intercambio. Por isto insistimos na importancia de informarse ben sobre a oferta académica nos destinos antes de completar a solicitude.

Por que teño que matricularme nas dúas universidades, USC e fóra?

Segundo os termos do convenio bilateral para intercambio de estudantes e as normas do servizo de xestión académica da USC, o alumno é considerado como estudante da USC, a todos os efectos, no curso académico de referencia.

Na universidade de destino o alumno ten os mesmos dereitos ca os alumnos rexistrados nesa universidade e ten que matricularse tamén (aínda que non teña que aboar os prezos da matrícula).

Por que teño que pagar o seguro escolar da USC?

O seguro escolar é de subscrición obrigatoria para todos os estudantes da USC. Os alumnos de intercambio terán que contratar o **seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxes** tanto en España coma en calquera outro país (custo aprox. 20 €) que se engadirá na liquidación da súa matrícula na USC. Os riscos cubertos son os que figuran na póliza da entidade aseguradora.

Seguro adicional: Segundo os requisitos de inscrición na universidade de destino, e para conseguir o visado, sirve o seguro da USC?

É probable que nos prazos impostos pola universidade e a embaixada para estes requisitos, non teñas aínda contratado o seguro da USC por engadirse no momento da matrícula. Sen embargo, **podes facelo de xeito adiantado a través da web da propia compañía <http://oncampus.es/>.**

Se o contratas antes da matrícula, envía a copia da póliza que a compañía che enviará ao correo e máis o resguardo do pagamento (captura do pago coa tarxeta) á túa UXA correspondente (uxa.norte@usc.es, uxa.sur@usc.es ou uxa.lugo@usc.es), para evitar que se cobre por segunda vez coa matrícula.

A universidade de destino pode esixir un seguro adicional cunha cobertura máis ampla. Poderás elixir ti mesmo de entre a oferta comercial, recomendamos revisar a letra pequena sobre cobertura médica, roubos, etc.

É especialmente recomendable que contrates o seguro privado que ofrezca a Universidade de acollida ou outra alternativa se vas a Estados Unidos.

[faq's](#)

10 Ampliación de estadias un semestre adicional na mesma universidade Repetición da mobilidade

Quero quedar na mesma universidade

Se a túa estadia de intercambio era só polo primeiro semestre e desexas ampliar polo curso completo deberás solicitalo o antes posible e na forma que che indique a Oficina de Mobilidade.. Se a túa estadia era no segundo semestre a solicitude debes facela preferentemente antes do peche da seguinte convocatoria de bilateral que saia, porque xa estarás optando a prazas do seguinte curso, e se se ocupan por outros alumnos non estarán dispoñibles para ti. Requírese:

- informe positivo da Oficina de mobilidade da USC
- informe positivo do RAM do centro USC
- informe positivo da facultade na universidade de destino

A concesión da ampliación da estadia estará en calquera caso supeditada á autorización da universidade de destino, á autorización do RAM do centro ao que pertence o estudante, e á do coordinador institucional da USC. Algunhas universidades poden non permitir a prórroga por non coincidir coa súa programación anual.

Podo solicitar a mobilidade de novo aínda que xa participei unha vez no programa nun curso anterior?

Si, podes participar nas seguintes convocatorias para o mesmo ou distinto destino.

Non terás vantaxe ni desvantaxe sobre as outras solicitudes novas.

[faq](#)

11 Que podo incluír no acordo de estudos?

- Materias do teu plan de estudos na USC;
- Unha suma de entre 20/40 ECTS (mínimo obrigatorio para un semestre/curso completo) e 30/60 ECTS (máximo para un semestre/curso completo) (Consulta na convocatoria as excepcións a estes límites para casos de dobres graos e outras circunstancias)
- Se es alumno de **grao** podes incluír suspensas, ata un máximo de unha materia suspensa por cada curso académico en que previamente formalizaran matrícula titulación, non contándose o mesmo curso en que vaia realizar a mobilidade
- Créditos optativos: a marcar como “**créditos optativos- programa de intercambio**”, nos cales non se especifique a actividade que se vai realizar, por non coincidir coas materias propias da titulación para a cal se cursan.
- Unha formación práctica e traballos academicamente dirixidos ou similares, se estes traballos figuran no plan de estudos, como son os traballos de fin de grao (TFG) e traballos de fin de máster (TFM). Ver as excepcións propias para cada centro.

Como completo o acordo de estudos?

- i. Comproba a oferta académica na universidade de destino a través da súa páxina web
- ii. Consulta co/a RAM/coordinador/a do teu centro
- iii. Se é necesario, o/a RAM/coordinador/a contactará coa universidade para aclarar dúbidas
- iv. Completas en Word.doc o modelo de acordo dispoñible na web USC internacional. No caso dos borseiros a oficina de mobilidade indicarlles o formato de acordo de estudos que teñen que cubrir, que probablemente será diferente:

Código materia USC (<i>Course unit code USC</i>)	Nombre de la materia USC (<i>Course unit title USC</i>)	Cuatrimestre (<i>Four month period</i>)	Nombre de la materia en la Universidad de destino y código si lo hubiera (<i>course unit title and code if any –receiving institution-</i>)

- v. Sinaturas: asina o/a estudante, coordinador/a do centro, e o coordinador institucional na Oficina de Mobilidade

Que pasa se curso outras materias distintas na universidade de destino e quero presentarme aos exames?

Non serán recoñecidos estudos ou actividades realizados que non se correspondan co establecido no acordo de estudos ou as modificacións do mesmo debidamente autorizadas.

Que importancia ten o acordo de estudos?

Este documento é un compromiso formal con carácter vinculante unha vez asinado polo estudante, RAM e coordinador institucional. O alumno obterá recoñecemento das materias e a equivalencia de créditos.

En qué circunstancias non obtería recoñecemento das materias e a equivalencia de créditos?

Se non se cumpran os requisitos establecidos para o programa de intercambio no plan de estudos da titulación do estudante e nas normas de matrícula e permanencia da USC. Para iso é deber do estudante comprobar co responsable académico de mobilidade do seu centro que materias pode incluír no acordo de estudos no primeiro momento.

O Acordo pasa varias revisións antes da firma final:

- responsable académico de mobilidade do seu centro e a unidade de apoio revisan o contido, e comprobán a equivalencia das materias propostas e o cumprimento das normas de matrícula e permanencia da USC.
- Unha vez finaliza o proceso de comprobación o acordo remítese á Oficina de Mobilidade que procede á súa sinatura como coordinador institucional.

[faqs](#)

12 Cales son os trámites e obrigas a cumprir durante o curso?

Resumimos todos os trámites neste esquema, atoparás estes documentos/formularios* na web Internacional da USC. Recordamos tamén a importancia de prestar atención ás comunicacións por e-mail (da UXA, da Oficina de Mobilidade, do teu coordinador)

Etapa	Trámite
Chegada	Presentarte na oficina internacional en destino e pedir que cubran e enviánnos o certificado de chegada* Consulta co coordinador académico en destino Matrícula na universidade de destino.
Primeiro mes	Modificacións no teu acordo de estudos* polo mesmo proceso de firmas de coordinadores Matrícula na USC das modificacións
Primeiros dous meses (preferentemente antes da publicación da seguinte convocatoria)	Ampliación* a un segundo semestre na mesma universidade (ver preguntas frecuentes sobre ampliación)
Fin de estada	Pedir na oficina internacional que emitan o certificado fin de presenza* para envío e posterior entrega na Oficina de Mobilidade Pedir tamén que che envíen, a ti ou á USC, o certificado de notas original (ver punto 14)

Que fago se descubro ao chegar que cambiaron o calendario de clases, ou que unha materia xa non se oferta?

Podes facer unha modificación **no prazo máximo dun mes** despois da data de comezo das clases. Debes usar o modelo colgado na web USC e seguir o mesmo procedemento como para o acordo inicial.

Rematado o prazo dun mes, a modificación do acordo de estudos **só se autorizará por causas extraordinarias e debidamente xustificadas** (por exemplo o incumprimento das normas de matrícula),

por proposta do responsable académico de mobilidade, logo de visado da Oficina de Mobilidade, e con resolución da persoa responsable da Vicerreitoría competente en mobilidade.

Teño a modificación asinada, que máis trámites hai?

Unha vez autorizada a modificación, **é imprescindible a matriculación nos dez (10) días posteriores** ao da citada autorización. Neste prazo poderás facer a modificación a través de Secretaría Virtual. No caso de dúbida, debes contactar coa UXA correspondente.

Levo unha materia mal, prefiro non presentarme ao exame e volver matricularme na USC no vindeiro curso, é posible?

Ten presente que como estudante que realiza unha estadía noutra universidade cun programa que inclúe asignacións económicas en concepto de axudas á mobilidade, axudas de viaxe, matrícula gratuíta, mantenza ou calquera outro, sexan de fondos públicos ou privados, tes **a obriga de regresar cunha cualificación, sexa de superación da materia ou de suspenso, para un un mínimo de 20 créditos ECTS ou equivalentes en estadías dun único semestre.**

O incumprimento desta obriga terá como consecuencia a **exclusión** do estudante de calquera outro programa de mobilidade xestionado pola USC.

En que circunstancia podería haber unha excepción a esta normativa?

Se se acredita a existencia dun suposto de **forza maior** (por exemplo, enfermidade, accidente, catástrofe) que impidise a realización das actividades programadas e a presentación ás probas de avaliación correspondentes, poderá solicitarse a admisión a futuras convocatorias de mobilidade, sempre e cando o suposto aparecese inmediatamente antes das probas e non se observe unha continuación prolongada da estadía durante a validez deste suposto.

A solicitude será concedida ou denegada de forma motivada polo/a vicerreitor/a con competencias na materia.

[faq](#)s

13 A que convocatorias de exame teño dereito?

Segundo o Regulamento de Intercambios, o alumno “disporá das convocatorias de exame que teña establecido a universidade de destino”

Non obstante, ao alumnado permitiráselle presentarse aos exames de segunda oportunidade na USC das materias cursadas na universidade de destino sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:

- Que a materia non se superase na universidade de destino, circunstancia que debe acreditarse no momento da solicitude.
- Que a materia da titulación de orixe teña contidos equivalentes aos da materia cursada na universidade de destino. En ningún caso se permitirá presentarse a exame na USC de materias das que estea matriculado na universidade de destino e que non existan no plan de estudos da USC.
- Que a guía docente non estableza criterios ou sistemas de avaliación que impidan a superación da materia de xeito independente (por exemplo, sen ter asistido a clase) na segunda oportunidade.

A solicitude de presentación á segunda oportunidade deberá realizarse perante a coordinación académica por calquera medio que permita constancia da súa recepción cun mínimo de 30 días antes do período de exames de segunda oportunidade.

A coordinación académica comprobará que a solicitude reúne os requisitos e remitirá ao centro con informe favorable ou desfavorable. O/A RAM autorizará ou desestimarán a solicitude por calquera medio que permita ter constancia e comunicarlle con antelación suficiente ao/a profesor/a da materia antes da avaliación e á persoa interesada.

A Unidade de apoio á xestión de cada centro comunicará á UXA correspondente a relación do estudiantado que se vai acoller a esta posibilidade para que esta lle retire a condición de estudante de intercambio na acta e que poida ser cualificado..

Se suspendo o exame na universidade de destino en xuño, podo presentarme en xullo na USC?

Non. Terás que matricularte outra vez para cursar a materia no curso seguinte.

[faqs](#)

14 Como funciona o proceso de recoñecemento de estudos?

Ao final da estadía, debes solicitar (ante o órgano competente na universidade de destino) a expedición dunha certificación académica orixinal (Transcript of Records).

Non se aceptan documentos escanados, fotocopiados, faxes, etc. Só orixinais, en papel ou electrónicos.

É importante asegurar **durante** a estadía que os códigos e nomenclaturas das materias das que te presentas a exame coinciden exactamente:

- 1) no acordo de estudos ou modificación,
- 2) na túa matrícula na USC, e
- 3) no teu expediente na universidade de destino.

Non serán recoñecidos estudos ou actividades realizados que non figuren no acordo de estudos/modificacións nin aqueles dos que o estudante non se matriculase previamente; e non se poderán facer modificacións extraordinarias do acordo de estudos con posterioridade á resolución do recoñecemento.

O recoñecemento de estudos na USC queda supeditado **á presentación na Oficina de Mobilidade** os documentos requiridos na convocatoria, especialmente os **certificados de chegada e de fin de presenza**.

O sistema de notas é distinto na universidade de destino, como se traslada no meu expediente na USC?

A todo o referente ao recoñecemento seguirase a normativa aprobada polo Consello de Goberno o 3 de Marzo de 2017 “Acordo sobre o recoñecemento de estudos realizado en Réxime de intercambio” (<http://hdl.handle.net/10347/15358>) e a posterior Modificación do 24 de Maio de 2018 (<http://hdl.handle.net/10347/16767>).

As táboas de recoñecementos que se empregan son as aprobadas polo Ministerio de Educación ou as complementarias aprobadas pola Comisión de Validacións e Recoñecementos http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidade/estudiantes_outgoing.html

Non se poderá realizar ningún tipo de ponderación sobre as notas que figuren no certificado. A proposta de resolución de recoñecemento de estudos será elevada pola unidade de apoio á xestión do centro ao decano ou director para que se emita a correspondente resolución.

Esta resolución seralle comunicada ao interesado e remitida ás unidades de xestión académica correspondentes acompañada das certificacións orixinais para a súa custodia no expediente documental do estudante, para que procedan á imputación das cualificacións no seu expediente.

A proposta de resolución de recoñecemento só é vinculante se reúne os requisitos legais, os da convocatoria, os deste regulamento e os do plan de estudos. As mencionadas cualificacións imputaranse de oficio no citado expediente na primeira convocatoria ordinaria en que se poida incluír.

[faqs](#)

15 Que apoio podó esperar do Responsable Académico de Mobilidade e da Unidade de Apoio e Xestión no centro?

O/A responsable académico/a de mobilidade do teu centro será o/a teu/túa coordinador/a. Ten as seguintes funcións, entre outras:

- a) Titorizar e asistir aos estudantes de intercambio nos aspectos académicos
- b) Informar e orientar os estudantes da USC sobre a escolla das universidades de destino e posible recoñecemento académico.
- c) Comprobar a equivalencia entre as materias que os estudantes van cursar na universidade de destino e aquelas nas cales se van matricular na USC.
- d) Elaborar os compromisos de estudos, asinalos xunto cos estudantes e autorizar as súas modificacións, sempre dentro dos prazos que se establecen nestas normas.
- e) Facer as propostas de resolución de recoñecemento de estudos.
- f) Dispón dun horario de atención aos estudantes de intercambio, cun mínimo de dúas horas semanais, que se incluírá na información que se lles proporcionará aos estudantes de cada centro.

A unidade de apoio e xestión do centro é responsable de toda a xestión administrativa derivada dos procesos de mobilidade dos alumnos dos seus centros, así como de facilitar a información necesaria, velando polo estrito cumprimento do establecido no regulamento e demais normas aplicables.

En concreto ten, entre outras, as seguintes funcións:

- a) En coordinación cos responsables académicos de mobilidade e coordinadores académicos, realizarán tarefas de información aos estudantes da USC sobre a oferta, condicións, trámites etc. dos distintos programas de mobilidade.
- b) A gravación no sistema informático da USC dos estudantes e destinos seleccionados, así como dos seus acordos de estudos.
- c) Remisión á Oficina de Mobilidade e posterior comunicación á Unidade de Xestión Académica (UXA) correspondente dos compromisos de estudos ou acordos académicos e as súas modificacións.
- d) Remisión das actas, resolucións ou certificacións, segundo sexa o caso, de recoñecemento de estudos á UXA correspondente para a súa anotación nos expedientes dos estudantes.

[faqs](#)

16 Lin todas estas preguntas, a convocatoria e o Regulamento, e teño dúbidas sen contestar

Dúbidas sobre:	Fontes de información:
Bolsas	Na páxina web da Oficina de Mobilidade (orientación por convocatorias anteriores)
Acordo de estudos e plan de estudos nas universidades	O Responsable Académico de Mobilidade no teu centro
A matrícula e o meu expediente	A UXA correspondente na USC (Campus Norte, Sur, ou Lugo)
Os procesos rexidos pola Oficina de Mobilidade	<p>Campus de Santiago de Compostela Oficina de Mobilidade/International Office Intercambios Bilaterais Pavillón Estudiantil, Campus Sur 15782 Santiago de Compostela (Spain) Telf: +34 881 812 844 / 849 bilateral.exchange@usc.es</p> <p>Campus de Lugo Oficina de Mobilidade/International Office Avenida Benigno Pardo Ouro, s/n. Edificio Intercentros, 27002 Lugo (Spain) Tel.: +34 982 823 596 / 569 international.lugo@usc</p>

[faqs](#)